

O feito editorial e a traducción

Convocámonos hoxe nesta xornada do Galeuzka para falar da man de Miguel Anxo Fernán Vello, de Xulio Ricardo e mais de Xavier Mendigure da traducción e a súa edición.

Mas permitídemme dúas notas históricas e unhas breves reflexións de introdución.

Cando no trinta e seis foi fusilado o editor Ánxel Casal e exiliada a súa dona María Miramontes, quería eliminarse aos editores da produción cultural da xeración Nós e dos voceiros do Partido Galeguista. Con aquel acto de barbarie feixista déronlle a dimensión real do editor como subversor da orde establecida en España polo colonizador.

Queríase eliminar aqueles que cos homildes excedentes económicos que producía dar clases ou ser modista editaron os textos que alimentaron a ilusión republicana de dar ao país órganos de goberno propios, normalizar a cultura, a economía.

O propio Castelao valorou o traballo de Ánxel Casal como que tiña feito máis que todos eles xuntos.

A primeira referencia histórica dinos da importancia do editor como constructor dunha cultura cos materiais que lle dá o escritor ou escritora e o traductor.

A segunda referencia dinos da importancia do creador ou escritor así como o traductor como a persoa que abre a porta a outras culturas.

Aínda que as editoriais dos nosos países son diversas na súa dimensión e composición económica, ser editor na Galiza, en Euskalerria ou nos Países Cataláns, en culturas aínda sen normalizar e en nacións con grandes tradicións literarias, sen as institucións do estado propio, significa asumir o feito editorial como aquel que vai pór en comunicación a produción cultural dun país coa sociedade que o compon e que se alimentará dela. Asume así o editor responsabilidades como un sector da cultura e da economía cualitativamente estratéxico.

Esta dimensión importantísima do editor o é pois con poucos medios asume unha misión normalizadora tan profunda que ás veces sobrepasa as súas forzas e sobre todo se falamos do tema que hoxe nos ocupa como é o da traducción.

Problemáticas de empresa non só con criterios necesariamente rendíbeis para sobrevivir en economías cada vez máis estranas en canto que terán o centro de toma de decisións fóra do propio país, cada vez menos apoiadas pola administración.

Creo que podemos falar dun certo estancamento, cando non regresión, na cantidade e dimensións das editoriais monolingües que fan algo máis que vir a pescar nas ricas augas do libro de texto, como é norma nas multinacionais da edición, agravándose en xéneros como o teatro ou a poesía e concretamente na traducción.

As problemática de relacións coas administracións autonómicas e locais pouco ou menos conscentes do papel da cultura, ademais de como servizo público, de vertebradoras de sociedades con capacidade crítica, na edición, a traducción como alimento exterior interior rexenerador da propia cultura e a traducción como aportación interior exterior das nosas culturas ao patrimonio literario e cultural da humanidade.

Falamos da tradución dun autor, do traductor. E agora falamos da editorial, quer como editor individual, quer a industria editorial coas súas seccións de traducción.

E pairando sobre delas, a administración como unha gueivota, máis no simbolismo actual que de seguro está nas nosas mentes.